

Disposicións transitorias

Primeira.-Establécese un período transitorio de seis meses desde a publicación desta disposición para que as aplicacións e sistemas instalados poidan ser incluídos no catálogo de aplicacións e sistemas informáticos ou, no seu defecto, a súa instalación poida ter o visto e prace da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, logo de informe da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías de Información.

Transcorrido o devandito prazo, as aplicacións e sistemas que non estean incluídos no catálogo, ou non obteñan o visto e prace da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, deberán ser desinstalados.

Segunda.-Establécese un período transitorio de tres meses desde a publicación desta disposición para:

1. A eliminación ou migración dos espazos de nomes derivados de calquera nome de dominio que non fosen creados ou asignados de conformidade coa presente orde.

2. A eliminación ou migración dos enderezos de correo electrónico que non cumpran cos requisitos determinados na presente orde.

3. O peche dos sitios web e portais que non cumpran cos requisitos referidos nesta orde ou ben que a inclusión no catálogo non fose aprobada pola Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

4. A baixa e desinstalación dos enlaces e circuitos de comunicacións que non cumpran co establecido nos artigos 2º, 3º e 4º desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Autorízase o secretario xeral da Consellería de Sanidade para ditar as instrucións e acordos necesarios para levar a efecto o previsto na presente orde.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Corrección de erros.-Resolución do 9 de maio de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de maio de 2005, polo que se aproba a nova relación de postos de traballo da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Advertidos erros na Resolución do 9 de maio de 2005, publicada no DOG nº 94, do mércores, 18 de maio de 2005, compre facer as oportunas correccións:

-Na páxina 8.340, no punto terceiro, hai que engadir os seguintes postos de traballo:

Código	Denominación	Motivación
AS.C99.20.901.15090.001	Director O.E. 1	Postos de especial responsabilidade polo desempeño de funcións directivas e de coordinación
AS.C99.20.901.27560.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.27640.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.32190.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.32320.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.36030.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.36240.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.36380.001	Director O.E. 1	
AS.C99.20.901.36440.001	Director O.E. 1	

-Na páxina 8.353, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO», onde di: «AS.C99.10.000.27001.102.-XEFE DE SECCIÓN», debe dicir: «AS.C99.10.000.27001.101.-XEFE DE SECCIÓN».

-Na páxina 8.366, no centro de destino «OFICINA DE EMPREGO DE FERROL-ESTEIRO», no posto «AS.C99.20.902.15350.019.-ORDE-NANZA», na columna vacante onde di: «NON», debe dicir: «SI».

-Na páxina 8.375, no punto código-descrición das formacións específicas, onde di: «385 TÉCNICO DE NIVEL INTERMEDIO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (R.I.)», debe dicir: «385 TÉCNICO DE NIVEL INTERMEDIO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS».

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

Orde do 7 de xullo de 2005 pola que se convocan as axudas de articulación para o ano 2005 correspondentes ao Programa horizontal de apoio á innovación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, en réxime de concorrencia competitiva.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, establece que é necesario apostar pola creación dun sistema de coordinación dos recursos da investigación de forma eficaz para que esta última sexa motor de desenvolvemento produtivo de Galicia. Ademais a lei crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, que é o conxunto de programas coordinados, orzamentos, priorizados e financiados que responden á política científica e tecnolóxica da comunidade autónoma.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 14 de marzo de 2002, aprobou o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (2002-2005). Este plan ten como obxectivos principais articular, desenvolver e fortalecer o Sistema Galego de Innovación, actuando sobre os seus puntos débiles e tratando de optimizar os recursos dispoñibles, así como favorecer o desenvolvemento dos sectores económicos e sociais de interese para Galicia, fomentando o incremento das actividades de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (I+ D+ I).

O plan consta dun programa de promoción xeral da investigación, trece programas sectoriais e os programas horizontais, entre os que se atopa o Programa de apoio á innovación nas empresas. O Programa de apoio á innovación inclúe actuacións en formación, transferencia de tecnoloxía e redes.

Segundo o que se establece no plan en relación co Programa de apoio á innovación nas empresas, a axeitada articulación do Sistema Galego de Innovación xira arredor dunha maior presenza das empresas no proceso de innovación e, como consecuencia, arredor da optimización de todos os mecanismos de apoio que están á súa disposición. Por iso, este programa trata, por un lado, de incrementar a capacitación das empresas para culminar con éxito as súas actividades de innovación e, por outro, de propiciar a integración das devanditas empresas no sistema, favorecendo a transferencia de tecnoloxía, a creación de redes e a aproximación entre os ámbitos produtivo e científico. Para acadar o devandito obxectivo é preciso establecer medidas que permitan mellorar o desempeño dos organismos intermedios que apoian o proceso de I+D+I, tales como oficinas de transferencia de resultados de investigación, centros tecnolóxicos, etc.

En particular, é preciso incidir sobre as seguintes actuacións:

-Aula de innovación: programa formativo flexible no ámbito da xestión da I+D+I que permite a axeitada capacitación dos xestores que traballan en Galicia en empresas, universidades, organismos de interface, centros, administracións públicas, etc. Trátase tanto de proporcionar formación aos que se inician nestas actividades como de actualizar os coñecementos dos que xa contan con experiencia na xestión da I+D+I.

-Idipyme: mecanismo de apoio a empresas galegas con pouca ou ningunha experiencia en xestión da innovación para lograr que se inicien nestas actividades. Este obxectivo lógrase mediante titorías, formación e asesoramento continuado para que a empresa sexa capaz de poñer en marcha un proxecto de I+D+I a partir dalgunha idea propia ou algún problema detectado.

-Movibilidade de investigadores e tecnólogos: preténdese favorecer a estadia temporal de investigadores, tecnólogos e xestores de I+D das universidades, organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos noutras entidades do sistema, incluso en empresas, coa finalidade de favorecer o intercambio de experiencias e coñecementos entre os diferentes ámbitos.

-Apoio aos centros tecnolóxicos (Rede de Centros Tecnolóxicos). Preténdese potenciar a actividade dos centros tecnolóxicos, públicos ou privados, como axentes executores e mobilizadores da I+D+I na Comunidade Autónoma galega, favorecendo iniciativas de tipo conxunto entre eles e integrándoos na execución deste plan.

-Carteira tecnolóxica. Consiste en detectar resultados de investigación do Sistema Público de I+D galego susceptibles de ser comercializados e realizar os traballos necesarios para a devandita comercialización,

tales como definición da tecnoloxía, estudo de mercado, estudo de prospectiva, valoración económica, etc.

-Apoio á creación de empresas *spin-off*: establecer un mecanismo de apoio aos emprendedores que desexen crear empresas de base tecnolóxica, así como a todas as iniciativas postas en marcha por outras institucións que teñan a finalidade de apoiar a creación deste tipo de empresas. Este mecanismo complementase ademais co Programa carteira tecnolóxica que serve como ferramenta de detección e valoración de tecnoloxías xeradas polo ámbito científico que poderían destinarse á creación de empresas.

-Rede de Organismos de Interface: mecanismo de traballo coordinado entre todos os organismos de interface do Sistema Público de I+D que operan en Galicia, de maneira que se aproveiten todas as súas potencialidades.

-Mapa de servizos tecnolóxicos: preténdese reducir a imperfección do mercado de servizos tecnolóxicos en Galicia mediante a definición e comunicación dunha oferta máis clara así como facilitar o acceso dos demandantes a eses servizos.

Desde 2002 ata 2004, estas actuacións estiveron financiadas mediante convenios de colaboración coas entidades encargadas de executalos, debido en moitos casos ao seu carácter de proxectos pilotos. A consolidación destas actividades require que o instrumento do convenio de colaboración deixe paso a un instrumento máis estable e que garanta a concorrencia competitiva. Co este fin, esta orde aproba as bases que rexerán a convocatoria de axudas correspondentes ás medidas de articulación previstas no Programa horizontal de apoio á innovación nas empresas.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Modalidades de axuda e ámbito temporal.

Convócanse en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva axudas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa formación en xestión da I+D+I, titorización de Pemes na posta en marcha e xestión proxectos de I+D, estadia de investigadores, tecnólogos e xestores de I+D noutras institucións do sistema, accións de fomento da transferencia da tecnoloxía, ordenación de servizos tecnolóxicos, creación de empresas *spin-off*, apoio á rede de centros tecnolóxicos de Galicia, apoio a rede de OTRI do sistema público de I+D, e outras actividades de articulación que cumpran os obxectivos do Programa de apoio á innovación nas empresas establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

Estas axudas concédense para a realización de proxectos que se inicien no ano 2005 e que teñan como duración máxima ata o 31 de outubro de 2006. Admíttanse custos do proxecto incorridos desde o 1 de xaneiro de 2005.

Segundo.-Requisitos dos beneficiarios.

Os posibles beneficiarios das axudas citadas no punto primeiro serán todas as OTRI do sistema público de

I+D e os centros tecnolóxicos operativos en Galicia, é dicir:

- Centro de Innovación-CIS Tecnoloxía e Deseño.
- Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-madeira).
- Centro Tecnolóxico Armando Priegue (Aimen).
- Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de Pesca (Anfaco-Cecopesca).
- Instituto de Cerámica de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela).
- SAX Centro de Supercomputación de Galicia e *Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia* (Cesga).
- Centro Tecnolóxico do Mar-*Fundación Cetmar*.
- Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).
- Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (Cetga).
- Instituto de Electrónica Aplicada Pedro Barrié de la Maza (Universidade de Vigo).
- Delegación en Galicia do CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da Universidade da Coruña.
- Oficina de I+D (OTRI) da Universidade de Vigo.
- CITT (OTRI) da Universidade de Santiago de Compostela.

Poderanse dar dúas modalidades de participación:

a) Proxectos presentados polos centros tecnolóxicos de cara á creación e consolidación da Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia, e proxectos presentados polas OTRI de cara á creación e consolidación da Rede de OTRI do Sistema Público de I+D de Galicia.

b) Proxectos de colaboración que teñan como socios polo menos dúas institucións ou centros dos incluídos na lista anterior. Excepcionalmente, e ademais dos socios exixidos, poderán participar como colaboradores no proxecto outras entidades, sen ánimo de lucro e situadas en Galicia, que teñan relación coa promoción e fomento da innovación tecnolóxica e que sexan imprescindibles no proxecto que se pretende abordar. Estas entidades non poderán ser solicitantes da axuda, nin liderar un proxecto.

Un dos socios de cada proxecto actuará como líder deste. Cada un dos socios poderá solicitar financiamento dentro do proxecto ou poderá decidir que os fondos sexan recibidos e xestionados polo líder do proxecto.

Terceiro.-Contía das axudas e conceptos subvencionables.

A axuda poderá acadar o 70% do custo do proxecto. As solicitudes destes proxectos poden incluír os conceptos seguintes:

1. Custo de persoal técnico da entidade preciso para a realización do proxecto. O devandito persoal e a súa vinculación ao proxecto deberán quedar definidos na proposta.

2. Custo do persoal adicional que contrate a entidade para a realización do proxecto. Na solicitude deberá figurar o perfil requirido para a persoa que se contrate.

Nos conceptos sinalados nos puntos 1 e 2 non se admiten custos de persoal financiados con fondos europeos.

3. Custo de adquisición ou aluguer (non se admitirán custos de utilización nin amortizacións) de equipamento preciso para a realización do proxecto, na medida na que se dediquen ao proxecto en cuestión, e que estean debidamente xustificadas. O seu custo non poderá superar o 5% do custo total do proxecto.

4. Gastos de adquisición doutro material funxible preciso para a execución do proxecto, debidamente xustificadas.

5. Custo de traballos ou contratacións externas necesarias para o desenvolvemento do proxecto, debidamente xustificadas. Este custo non poderá superar o 50% do custo total do proxecto.

6. Custo doutras entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro e situadas en Galicia, que teñan relación coa promoción e fomento da innovación tecnolóxica e que sexan imprescindibles no proxecto que se pretende abordar. Son entidades que non poden ser solicitantes da axuda, nin liderar un proxecto.

7. Gastos de viaxes relacionados coa execución do proxecto. Será preciso explicar a necesidade da viaxe para a correcta execución do proxecto.

8. Outros custos orientados á creación e sostemento da Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia ou da Rede de OTRI do Sistema Público de I+D de Galicia.

Cando os socios dun proxecto así o demanden, poderase financiar o 100% do proxecto, pero nese caso non será custo subvencionable o persoal propio da entidade, ao que se refire o punto 1 desta epígrafe. Esta opción non se pode aplicar ás entidades privadas que, como máximo, poderán recibir unha axuda do 70% do custo do proxecto.

Nos proxectos da modalidade b) do punto segundo desta orde, a contía máxima da axuda será de 40.000 € por socio e anualidade.

Cuarto.-Formalización e presentación de solicitudes.

Para a formalización das solicitudes empregárase o modelo ART-01. Este modelo de solicitude está a disposición dos interesados, de forma íntegra, na internet nos enderezos <http://www.dxid.org> ou <http://www.xunta.es/conselle/in>.

As solicitudes presentaranse por triplicado, no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999. As solicitudes redactaranse en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma e para o caso da lingua galega deberán adaptarse ao disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG.

Á solicitude achegaráselle os seguintes documentos:

a) Formularios normalizados de solicitude. Estes formularios deberán ter o visto e prace da persoa con capacidade de representación de cada entidade solicitante.

b) Declaración xurada do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto de todas as administracións públicas, empregando para estes efectos o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais, no caso de centros tecnolóxicos privados, deberá achegarse:

d) Copia compulsada do CIF do organismo solicitante, xustificante de alta na Seguridade Social.

e) Copia compulsada do documento nacional de identidade e do poder bastante de representación co que actúe o solicitante e copia compulsada dos seus estatutos.

f) Documento asinado de autorización para os efectos de que a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento poida solicitar por vía informática os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou ben:

-Certificación acreditativa de encontrarse ao día das obrigas tributarias coa facenda estatal expedida pola Axencia Tributaria.

-Certificación acreditativa de encontrarse ao día das obrigas tributarias coa facenda autonómica expedida pola Consellería de Economía e Facenda.

-Certificación de encontrarse ao día no pagamento das cotas da Seguridade Social.

Quinta.-Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Se a documentación achegada estivera incompleta, por parte da Dirección Xeral de I+D requirírase o solicitante para que, no prazo de dez días, complete a documentación ou emende as deficiencias con advertencia de que, de non facelo, consideraráselle desistido da súa solicitude procedéndose conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación

de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada con independencia de que poidan acordarse outro tipo de actuacións.

Sexta.-Avaliación e selección.

A valoración e selección das solicitudes presentadas relativas aos proxectos, así como a determinación da contía da axuda, será realizada por unha comisión de selección constituída por seis membros:

-O director xeral de I+D, ou persoa na que delegue, actuará como presidente da comisión.

-Serán vogais o subdirector xeral de Planificación e Xestión Técnica, o xefe do Servizo de Apoio á Innovación e un representante proposto pola rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia e outro proposto pola rede de OTRI dos Sistema Público de I+D.

-Un funcionario da Dirección Xeral de I+D actuará como secretario.

Para a selección dos proxectos beneficiarios das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:

1. A calidade técnica do proxecto.

2. A coherencia dos obxectivos do proxecto cos obxectivos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

3. O interese, a relevancia e a oportunidade dos obxectivos do proxecto para a articulación do Sistema Galego de Innovación e para incrementar o apoio ás empresas. Neste sentido avaliarase positivamente que o proxecto integre ao maior número posible de socios.

4. A incidencia que na transferencia de tecnoloxía poidan ter os resultados do proxecto.

5. A calidade dos resultados obtidos polos solicitantes en proxectos da mesma natureza desenvolvidos anteriormente.

Sétima.-Trámite de audiencia.

De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, e co obxecto de realizar o trámite de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento publicará na súa páxina web (www.dxid.org) a relación de axudas propostas, concedendo a todos os solicitantes un prazo de dez días hábiles desde a data de publicación para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desestímulo. De non contestar no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión.

Examinadas, se é o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a comisión de selección formulará a proposta de resolución definitiva que incluírá a relación de candidato seleccionados e a lista de reserva.

Oitava.-Resolución.

A comisión de selección elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio. Esta resolución publicarase no DOG.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro da correspondente convocatoria, será de 6 meses, contados desde apertura do prazo de presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no devandito prazo as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

Novena.-Aceptación.

A aceptación da axuda deberá realizarse no prazo de 15 días hábiles desde a publicación da resolución, mediante documento asinado polo representante legal, no que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases. No caso de que a citada aceptación non se produza no prazo sinalado, entenderase que o organismo renuncia á axuda.

Décima.-Libramento da subvención.

-Proxectos de entidades pertencentes ás universidades, organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos de carácter público:

A subvención será librada a través do organismo ou centro ao que pertenza a entidade, conforme o plan de necesidades do proxecto subvencionado e de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade, organismo ou centro público correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto acompañada dunha memoria explicativa da execución do proxecto.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes o sociedades.

-Proxectos de entidades de centros tecnolóxicos privados:

Para poder percibir as axudas correspondentes, será preciso presentar, na data límite do 30 de setembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, os seguintes documentos:

a) Unha memoria na que se detallará a execución do proxecto.

b) Un resumo da execución da subvención no que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gastos.

c) Facturas acreditativas dos gastos realizados, acompañadas da xustificación do pagamento destas.

d) No caso dos custos de persoal, tanto propio como adicional contratado, con destino específico ao proxecto, deberá achegarse unha certificación emitida polo responsable de persoal co visto e prace do xerente ou director da asociación sen ánimo de lucro ou centro tecnolóxico, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto, retribución bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á empresa, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado ao proxecto (retribucións+ Seguridade Social) segundo a dedicación de cada traballador a este. Poderanse requirir xustificantes de pagamento relativos aos datos que figuran na devandita certificación.

e) Certificación expedida pola entidade bancaria na que se sinala o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

g) Documento asinado de autorización para os efectos de que a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento poida solicitar por vía informática os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou ben:

-Certificación acreditativa de encontrarse ao día das obrigas tributarias coa facenda estatal expedida pola Axencia Tributaria.

-Certificación acreditativa de encontrarse ao día das obrigas tributarias coa facenda autonómica expedida pola Consellería de Economía e Facenda.

-Certificación de encontrarse ao día no pagamento das cotas da Seguridade Social.

f) No caso de proxectos plurianuais con importe superior a 30.050,61 euros, xustificante de depósito de aval bancario ou de entidade aseguradora depositado na Caixa de Depósitos da Xunta de Galicia, que deberá cubrir o importe da correspondente anualidade xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro, vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto.

g) Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Poderán realizarse pagamentos parciais a conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente.

Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata final de ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade.

Undécima.-Modificación da resolución de concesión de axudas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión de axuda, que será ditada pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, tal e como se especifica no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes supostos:

1. Cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

2. Pola obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

3. Cando se modifiquen as circunstancias que alteran a solicitude presentada inicialmente, o beneficiario deberá solicitar a devandita modificación, mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, na que se indiquen as devanditas circunstancias, con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo proxecto.

Polo demais estas axudas serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo proxecto, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto.

Duodécima.-Reintegro da axuda.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida aos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime orzamentario de Galicia na súa vixente redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Décimo terceira.-Renuncia das axudas.

No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase conforme o establecido no artigo anterior.

Décimo cuarta.-Seguimento dos proxectos.

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento poderá utilizar os procedementos que considere precisos para coñecer o desenvolvemento da acción financiada e o investimento das cantidades achegadas. Poderanse solicitar informes parciais que acrediten a execución do proxecto en curso e dean conta dos resultados obtidos ata ese momento.

As bases que rexen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos se deriven da súa aplicación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de marzo.

Décimo quinta.-Dotación orzamentaria.

As axudas imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento da comunidade autónoma para 2005, se ben todos eles poderán incrementarse en función das peticións presentadas e de acordo coas disponibilidades de créditos:

Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)	
	2005	2006
08.05.432-V.740.0	365.000	180.000
08.05.432-V.780.0	185.000	70.000

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO
 Dirección Xeral de Investigación
 e Desenvolvemento



GALICIA INNOVACIÓN
 Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento
 e Innovación Tecnolóxica
 2002 - 2005

PROGRAMA DE APOIO Á INNOVACIÓN

ANO 2005

MODELO ART-01

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA PROXECTOS DE ARTICULACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE INNOVACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN823A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE (LÍDER DO PROXECTO)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENTIDADE			CÓDIGO *
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	EXTENSIÓN FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

* VER LISTADO DE CÓDIGOS DE ENTIDADES

DATOS DO PROXECTO

TÍTULO

DURACIÓN	LISTADO DE SOCIOS		
	ENTIDADE	LÍDER SI/NON	SOLICITA FINANCIAMENTO SI/NON
DATA INICIO (MES/ANO)			
DATA REMATE (MES/ANO)			

VISTO E PRACE DA AUTORIDADE QUE REPRESENTA LEGALMENTE A ENTIDADE LÍDER

DNº/D.	CARGO	SINATURA
ENTIDADE	CIF	

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 7 de xullo de 2005 pola que se convocan as axudas de articulación para o ano 2005 correspondentes ao Programa horizontal de apoio á innovación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, en réxime de concorrencia competitiva.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA de de

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Orde do 15 de xuño de 2005 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña).

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local en virtude do Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro).

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, dispón na súa disposición transitoria que os colexios profesionais que estivesen constituídos á entrada en vigor desta lei adaptarán os seus estatutos a ela.

Dando cumprimento a esta disposición o Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña) acordou na Asemblea Xeral celebrada o 28 de xuño de 2003 a aprobación dos estatutos. Posteriormente foron comunicados a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, e verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único

Aprobar os estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña) que figuran como anexo á esta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2005.

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior
e Administración Local

ANEXO

Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña)

TÍTULO I

Sobre o colexio e as súas relacións coas administracións

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Definición.

O Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión, -desde este momento, colexio-está integrado polos profesionais da clase odontoestomatolóxica con exercicio na provincia da Coruña, é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica, que goza de plena capacidade de obrar.

Artigo 2º.-Réxime xurídico.

O funcionamento e o réxime xurídico do colexio, no ámbito da súa competencia, rexeráse pola Lei de colexios profesionais, tanto estatal como autonómica, estes estatutos e, subsidiariamente, polos do Consello Galego de Odontoestomatoloxía, e os do Consello Xeral de Colexios de Dentistas de España.

Tamén, subsidiariamente, será aplicable a Lei do réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, Lei 30/1992, do 26 de novembro, coas súas modificacións posteriores.

Artigo 3º.-Colexición.

O colexio, dentro do ámbito da súa competencia, será a única organización que encadre obrigatoriamente a todos os profesionais da clase referida no artigo primeiro.

Artigo 4º.-Principios.

Rexerán a actuación de todos os órganos do colexio, os principios de independencia, representatividade, actuación democrática e seguridade xurídica.

Capítulo II

Relacións con outras administracións

Artigo 5º.-Relación coa Administración pública.

O colexio, nas cuestións relativas aos aspectos institucionais e corporativos relacionarase coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de colexios profesionais, e nas cuestións referentes ao contido de cada profesión, a través da consellería ou consellerías competentes ao respecto.

Artigo 6º.-Relación con organismos colexiais.

Así mesmo, estará representado no Consello Galego de Odontoestomatoloxía e relacionarase coas demais organizacións colexiais.

Artigo 7º.-Consello Xeral.

O colexio estará integrado igualmente no Consello Xeral de Colexios de Dentistas de España, no que participará plenamente.